

NOME:


CURSO:



**PRIMAR
IA**

O caracol e a parede:

Un caracol sobe cara arriba por unha parede de 10 metros de altura. Durante o día sobe 2 metros, e durante a noite escorre, retrocedendo un metro. Cantos días tardará en subir a parede?




Cun balón e un pouco de enxeño:

Se tes un balón de fútbol, unha pelota de goma ou calquera outra pelota parecida, mira a ver se podes facer isto: Tíraa e fai que recorra unha certa distancia, pare e volva polo mesmo camiño que fixo á ida. Non vale tirala contra unha parede, que rebote en ningures, atala para tirar dela ou ben tirala por unha costa ou pendente. Como o podes facer?



Dentro da bolsa:

Un mono roubou unha bolsa con dúas moedas que suman 30 céntimos. Sabendo que só hai moedas de 1, 5, 10 e 20 céntimos, se unha das dúas moedas da bolsa non é de 10 céntimos; cal é o valor de cada unha das dúas moedas?



Na feira:

Dous campesiños levan os seus porcos á feira de gando para vendelos. Como fan o camiño xuntos, teñen tempo para falar de todo. Nun momento dado, un dille ao outro: "se me dás un dos teus porcos, terei o dobre de porcos ca ti". O outro responde inmediatamente: "pois, se ti me dás un a min, os dous teremos os mesmos porcos". Cantos porcos teñen cada un?




NOME:

CURSO:



E.S.O.
Aa

Aillamento:




No hospital hai un enfermo que ten a peste. Para evitar os contaxios, decídese separar os enfermos con dous biombos de forma cadrada. Onde e como hai que colocalos para aillar a todos os enfermos?

Día de festa:

Un feirante pon a disposición da xente tableiros e pezas de xadrez. Mozos e vellos achéganse a el para botar unha partida. Dous amigos xogan un total de tres partidas. Os dous gañaron o mesmo número de partidas e ningunha delas acabou en táboas. Como é posible?

Atravesar a ponte:

A gardiá da ponte é unha malvada vampiresa que pasa cada 17 minutos. Catro persoas teñen que atravesar a ponte necesariamente. Cada unha delas camiña a unha velocidade determinada: A persoa A pode atravesar a ponte en 1 minuto; a persoa B, en 2 minutos; a C, en 5, e a D, en 10 minutos. Estas catro persoas só teñen un candil, que é absolutamente indispensable para cruzar a ponte. A ponte só pode soportar o peso de dúas persoas. En que orde deben atravesar as catro persoas a ponte?



Mellizos que non o son:

Dous nenos nacen o mesmo día do mesmo ano e seus pais son os mesmos. Non obstante non son mellizos. Por que?